

## Normas para o uso das taquillas

1. A utilización das taquillas require da **solicitud** do pai, nai ou titor legal do alumno/a á dirección do centro e o depósito da **fianza** fixada polo consello escolar.
2. A autorización do seu uso será por un período de tempo igual ao que reste de curso escolar, non obstante, poderán renunciar ao mesmo en calquera momento. En todo caso, no último día lectivo, deberán quedar baleiras e dispoñibles para o curso seguinte.
3. Coa autorización, entregaráselle un **cadeado** para o seu uso, que devolverá á finalización do período de uso. A dirección quedará cunha das chaves, que non facilitará agás en casos excepcionais, que estudará no seu caso.
4. Rematado o período de utilización e no caso de quedar en perfecto estado, a taquilla e o cadeado, devolverase a fianza co asinado do recibín da mesma.
5. No caso, en que a demanda supere ao número de taquillas dispoñibles, terán **preferencia** no período ordinario de asignación e por esta orde, o alumnado que acredite algunha minusvalía física ou que aporte un certificado médico e o de cursos inferiores. Fora deste prazo asignaranse por orde de solicitude.
6. As taquillas están numeradas polo que a cada usuario se lle asignará un **número** en correspondencia cunha taquilla para o seu uso exclusivo.
7. O **acceso** ás mesmas farase ordenadamente e de xeito que non interrompa o desenvolvemento das clases, é dicir, ás entradas e saídas do horario escolar e ao recreo, tamén nos cambios de clase que impliquen un cambio de aula. En calquera caso, o seu uso non poderá ser xustificación para chegar tarde ás clases. Os **atrasos** por este motivo serán motivo de apercibimento e a súa reincidencia provocará a suspensión temporal ou definitiva da autorización.
8. Usaranse unicamente para gardar **material escolar**, non podendo ter outros elementos alleos ao ámbito escolar.
9. O centro non poderá ser obxecto de reclamación algunha pola desaparición de obxectos ou pertenzas depositadas nelas.
10. O alumno queda obrigado ao **uso responsable** da taquilla asignada, no referente ao seu contido, conservación e limpeza, e como tal terá que abrila obrigatoriamente por requirimento de calquera profesor/a do centro. No caso de resistencia a abrila, a dirección poderá proceder a súa apertura polos medios que estime oportunos, revocar a adxudicación e a executar a fianza que corresponda.
11. O uso polo alumnado das taquillas con fins ilícitos ou delituoso, non implican en ningún caso a responsabilidade da dirección do centro. Non obstante, esta poderá acceder as mesmas e sen previo aviso, cando teña indicios da súa utilización para estes fins.
12. A dirección poderá **revocar a adxudicación** da taquilla por estragos ou por mal uso da mesma. No caso de estragos producidos por negligencia ou intencionados, a dirección valorará a posibilidade de reparación e o seu custo, que deberá aboar o usuario, sen prexuízo do anterior e da execución da fianza por impago da mesma.
13. Na secretaría disporase dun documento de solicitude, asignación e devolución de fianza.